

E O TEMPO PASA

Narón, 14 de febreiro

Meu ben:

Soñei que todo era un soño. O amor, ti, os teus labios, ata eses ollos que pintaron de cores o meu universo. Soñei que nada era certo. Nen sequera o meu sorriso. Que era falsa a miña serenidade e ata esa felicidade que descubrín da túa man. Soñei que ti non estabas e a noite foi longa e fría, longa e triste. Longa. Longa. E abrazoume a túa ausencia, e o medo, e a angustia. Sentín a caricia da soidade. O pánico de non ter uns ollos nos que mirarme, de non ter uns ollos que me mirasen, que me creasen, que me inventasen como son. Soñei que xamais existiras, que nunca me amaras. Soñei vacíos, ausencias, rutinas. Soñei a miña vida sen ti.

E ao despertar ti estás aí, durmido e distante, durmido e ausente. E a angustia segue espremendo o meu corazón, inquietando a miña alma, perturbando o meu soño. As miñas mans percorren o teu corpo e noto aínda máis a túa ausencia. O frío da túa pel queima as xemas dos meus dedos, busco sinais que me fagan crer que o meu amor segue aí, que en calquera momento ti abrirás os ollos e levarasme en brazos ata ese conto de fadas que inventaches para mín. E me farás crer que son especial. E serei especial.

O tempo detívose neste cuarto pero algún reloxo, aí fóra, marca as sete. Agora, meu ben, a cidade esperta, despéxase, e comeza a moverse, a avanzar con lixeireza. É tempo de erguerse, de poñerse en pé e seguir para diante, de loitar. Pero ti segues aí, impasible, desafiando coa túa indiferencia todos os reloxos, alleo ao tempo.

E o tempo pasa e pesa, escúrrase entre os meus dedos, erosiona os meus labios, araña o meu rostro. Demasiados versos con promesas de amor que se escapan...

É tempo de erguerse, meu ben, pero eu tamén quero durmir, durmir e esquecer. Esquecer que me amaches, esquecer que te ameí, esquecer... Soñar que todo foi un soño. O amor, ti, a certeza deste cuarto inerte.

Calquera día, a estas horas, eu circulo no meu coche, camiño do traballo, feliz, co calor do teu corpo perfumando aínda a miña pel, co sabor dos teus labios nos meus labios, coa promesa da túa presenza despois da xornada. Feliz, por ter atopado o teu amor, cun sorriso pícaro debuxado en todos os espellos. Sabes? A semana pasada encargueiche un regalo para o día de San Valentín. Si, xa sei, xa sei o que pensas, eu sempre dixen que non cría nestas datas impostas, que o amor ten que expresarse libremente, todos os días do ano, sen ataduras ao calendario. Eu non te quero máis o catorce de febreiro que o quince de abril, pero ao pasar por diante dun cartel de publicidade ocurriuseme algo especial. Algo que xa hai moito que estabamos desexando facer e que sempre pospuñamos por falta de tempo, de cartos ou por exceso de rutinas. Agora sei que foi como un mal presaxio. Pensei que tiñamos que aproveitar máis o noso tempo xuntos, porque calquera día podería ensombrecerse a nosa felicidade. Así que reservei unha viaxe a Venecia, para repetir aquel momento que vivimos ao pouco de coñecernos. Estou desexando pasear de novo contigo pola Ponte dos Suspiros e retratar alí o noso amor, intacto tres anos despois. Sei que é unha estampa cursi, moi pouco propia de min, pero parece que cos anos me estou volvendo sensibleira.

Hai só vinte e catro horas eu preparaba con ilusión esta sorpresa. Pasaba por baixo destas ventás, allea á dor condensada nas paredes destes cuartos.

E hoxe oblígasme a estar aquí, encadeada á túa cama, a miña sorte pendente do mesmo fío do que pende a túa vida.

Son xa unha sombra de min mesma. A miña alma acompañate na túa viaxe polas tenebras. O tempo está detido para nós. Estou atrapada na incerteza deste final non escrito. Intento liberar a mordaza que me impide gritar, escupir o meu desacougo. Quero esquecerme de que estás aí e escribir nunha liñas unha declaración de amor. Será o agasallo que che ofrecerei cando espertes. Pero non hai palabras, só hai medo. O pánico parálzame e en lugar de escribir unha carta de amor, só poido esbozar un retrato da miña angustia.

Amote e sei que ti me amas. Vivo pendente dos sinais que te atan á vida. Non podes marchar. Sente a miña man, o meu alento que te busca, a miña necesidade de ti.

Non podes irte e deixarme este medo, esta soidade, estas palabras non ditas que me afogan. Necesito que me escoites, que me entendas, que me perdoes por tanto tempo perdido en quefaceres cotiáns tan alleos ao noso amor. Agora, neste momento, ámote cunha intensidade xamais pensada. Só dedicada a adorarte, sen reloxo, sen teléfonos, sen presas, sen facturas. Agora somos ti e máis eu. Non hai nada máis, ninguén máis. Sei que podes oirme, quero crer que me oes, que me sintes. Quero crer que loitarás por protexerme de tanta dor. Quero durmir e soñar. Soñar que estás connigo ou que nunca estiveches. Soñar que esta angustia é só un soño. Soñar que viaxamos xuntos, que me colles da man e me sorrís. Soñar que te miro e que me entendes sen necesidade de inventar palabras. Que te toco e cun so aloumiño percibes a intensidade do meu amor. Soñar.

E o tempo pasa e pesa. E a miña esperanza sostense nesa liña débil que debuxa o polígrafo. Camiña inestable ao borde do abismo.

Quero tocarte outra vez, ofrecerche o meu amor, o meu calor, o meu alento. Quero esquecer as barreiras que me afastan de ti. Quero esquecer ese cristal frío e impasible que nos separa. Esquecer que neste mesmo momento todo un exército uniformado che tende a man para que volvas á vida. Quero

esquecer o seu rostro, o seu xesto de preocupación, a desesperanza debuxada no seu semblante.

Tan só lembrar a ilusión do noso primeiro encontro, a emoción de descubrirete, a maxia, os atardeceres, a ternura, os xogos, as risas. O noso primeiro encontro. A maxia.

Necesito ter fe e vivir esta espera anestesiada, amparada no refuxio dunha pregaría cen mil veces repetida, crer. En Deus, nos seus designios, na súa misericordia, na súa compaixón. Crer. En ti. Na túa forza. No teu destino. Crer. En min, na miña sorte.

O desenlace da nosa historia achégase, meu ben. O tempo pasa e pesa. Empúxanos, tira por nós, impídenos estar un minuto máis anclados neste punto de incerteza.

Noto como o meu corpo se vai facendo cada vez máis e máis alleo, as miñas pernas máis torpes, o meu alento máis denso. Os médicos avanzan con paso irreal, ralentizado, percorren o corredor de neón, achéganse a min. Os seus rostros están cubertos por unha máscara de desesperanza, de preocupación, de frialdade. Recíboos con mirada extraviada e as mans de chumbo. Din que hai que actuar. Falan de probabilidades, de pronósticos, de riscos. Non saben nada de ti, de mi, do noso amor, das nosas promesas. Teño que coñecer os riscos. Asinar a túa sentenza, de vida ou de morte. Por se algo sae mal, pero non vai saír mal. Hai que ter fe. Por se hai complicacións, pero non as vai haber. Temos que crer en Deus.

Tiven que facelo, meu ben. O teu destino nas miñas mans. A miña fe nas súas mans, para que a misturen co teu sangue, para que alumeen con ela o teu corazón, para que mollen os teus labios. Deixo a miña esperanza ao alcance do bisturí. A miña felicidade como trofeo na túa loita.

E mentras, o meu corpo levita nunha sala atestada de bágoas, de sorrisos, de amores rexurdidos da traxedia, de desilusión, de aloumiños. De soidades. De vida.

Fágote de menos. Quixera que estiveras aquí, ao meu lado, encarando xuntos a adversidade. Síntome abandoada, traizoada, síntote estraño, distante. Ti xuraches estar sempre connigo, protexerme da dor, acunarme nos teus brazos, desfacerte cun soplo dos meus pesadelos, axudarme a durmir. A soñar. A soñar que paseamos collidos da man polos canais de Venecia. Soñar que me espertas cun bico de bos días, e me sorrís, e me aseguras que todo foi un mal soño, e apartas cunha caricia os malos pensamentos, e a asfixia e me traes aire fresco para o almorzo. E prometesme que nunca máis me faltará o aire, eu prométoche as risas, a esperanza, os xogos, a viaxe que sempre pospoñemos, a maxia.

Amote e sei que ti me amas.

Deixo xa o refuxio destas liñas porque non quero inventar unha final, unha despedida. Quero que sexas ti quen escriba un desenlace, ti quen decida a continuidade da nosa historia. Quero que sexas ti o que cree os versos coas promesas para o noso futuro. E despois, cando inventes esa final feliz e caia o telón e paseemos xuntos o noso amor, deixareiche ler nos meus ollos as mensaxes non escritas que esconde a posdata desta carta.

Amote.